BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Grupo Municipal
RIBEIRA

**ANA Mª ÁLVAREZ BECERRA,** Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** neste Concello, presenta a seguinte Solicitude ante o Alcalde e a Comisión de Goberno, en relación co alumeado da Praza do Centenario.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Praza do Centenario de Ribeira é un punto de encontro de numerosas persoas particularmente nenos e nenas xa que nela atópase un parque infantil. Tamén é unha zona de paso tanto para viandantes e veciños e veciñas do lugar de Abesadas. Na praza tamén se atopa unha parada de autobuses non só de liña urbana senón tamén dos autobuses escolares.

Dende fai tempo está praza está totalmente a escuras xa que non se encende o alumeado do que dispón dita praza. Esta situación prexudica tanto ao alumnado dos centros educativos que pola mañá cedo esperan os autobuses como pola tarde aos nenos e nenas que non poden facer uso deste parque infantil porque a partir das seis ou sete da tarde está totalmente a escuras.

Asemade en dita praza non se colocou ningún tipo de alumeado navideño.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

## SOLICITUDE

- **Que se arranxe de forma urxente o alumeado da Praza do Centenario.**
- **Que se coloque algún tipo de decoración ou alumeado de Nadal.**

Ribeira, 18 de decembro de 2009

PA

Asdo.: Ana Álvarez Becerra

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**